



GUÍA DO CURSO

As redes sociais na educación



Índice

■ Descripción do curso.....	3
■ Persoas titoras.....	3
■ Obxectivos.....	3
■ Competencias profesionais do profesorado.....	3
■ Contidos.....	3
■ Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	3
■ Metodoloxía.....	4
■ Seguimento e desenvolvemento do curso.....	4
■ Comunicación coas persoas titoras.....	4
■ Avaliación.....	5
■ Aplicación práctica nas aulas.....	5
■ Requisitos para seguir o curso.....	5

Descrición do curso

Na actualidade, as redes sociais están a converterse en tódolos ámbitos no gran fenómeno da comunicación e do traballo en grupo, e o ámbito da educación é quizá un dos máis importantes neste sentido. Este curso pretende amosar ao profesorado, non só as posibilidades que ofrecen as redes sociais como plataformas software de apoio á docencia, senón tamén como ferramenta imprescindible da aprendizaxe informal e colaborativa en rede, complemento hoxe en día imprescindible para o tradicional aprendizaxe formal. Trátase, non só de que os profesores adquiren estas competencias, senón tamén de que as empreguen e fomenten no aula co seu alumnado


Persoas titoras



José Carlos López Ardao

[@jardao](#)

jclardao@gmail.com



Daniel Martí Pellón

[@daniel3](#)

daniel3@gmail.com



Pedro Cuesta Morales

[@pcuestam](#)

pcuestam@gmail.com



José Vicente Novegil Souto

[@vnovegil](#)

vnovegil@gmail.com

Obxectivos

1. Lograr que os profesores coñezan as posibilidades que ofrecen as redes sociais como plataformas software de apoio á docencia en comparación coas tradicionais plataformas de tipo LMS, coma Moodle
2. Amosar as posibilidades que ofrece a aprendizaxe informal (ou social) e colaborativa como complemento á tradicional aprendizaxe formal, centrada esencialmente en contido explícito
3. Amosar todas as posibilidades que ofrece Internet como fonte de información e recursos, que son moitas máis que o simple uso dun buscador
4. Lograr que os profesores adquiren as competencias básicas da aprendizaxe social e colaborativa e sexan conscientes da súa utilidade e posibilidades na súa formación continua
5. Ensinar a manexar a nivel básico as principais ferramentas e servizos da Web 2.0 en relación coa aprendizaxe social e colaborativa
6. Axudar aos profesores a que integren tamén a aprendizaxe social e colaborativa en rede no aula cos seus alumnos, de cara a lograr desenvolver de xeito pleno as competencias básicas de “aprender a aprender” e a “competencia no tratamento da información e a

competencia dixital”

7. Axudar a escoller una rede social para o aula segundo o nivel educativo
8. Amosar a importancia de manter e cuidar unha identidade dixital, así como facilitar directrices e recomendacións en relación á seguridade na rede, esencialmente para transmitirllo aos nodos alumnos no aula, contribuíndo tamén a desenvolver a competencia básica “competencia social e cidadá”

Competencias profesionais do profesorado.

- A) Coñecer as posibilidades que ofrecen as plataformas software de apoio á docencia
- B) Aprender a buscar información e contidos de interese en Internet, máis alá do simple uso dun buscador
- C) Adquirir as capacidades básicas para o emprego da aprendizaxe social e colaborativa tanto no aula coma na súa formación continua
- D) Aprender a manexar a nivel básico as principais ferramentas e servizos da Web 2.0 en relación coa aprendizaxe social e colaborativa
- E) Aprender a crear e manter unha identidade dixital
- F) Coñecer as distintas alternativas de rede social de aula segundo o nivel educativo
- G) Coñecer os riscos e perigos da rede, esencialmente no tocante aos nosos alumnos, e aprender directrices e recomendacións para lles transmitir

Contidos

Os contidos do curso están divididos en: Presentación Inicial e 9 módulos, cunha carga de traballo estimada total de 30 horas

- PRESENTACIÓN DO CURSO E DOS MEMBROS:
Onde se comenta a estrutura e organización do curso, o proceso avaliativo que se vai a seguir, e se fan as pertinentes presentacións
- MÓDULO I: Plataformas de apoio á docencia
Trátase de coñecer as posibilidades que ofrecen as plataformas software de apoio á docencia, neste caso centrándonos en Moodle e Platega
- MÓDULO II: Redes sociais e docencia: Aprendizaxe informal en rede
Aquí presentamos os conceptos básicos e elementos principais relacionados coas rede sociais e a aprendizaxe informal
- MÓDULO III: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (I): Buscar, ler e escoitar
Neste módulo, aínda que veremos como usar axeitadamente un buscador xenérico coma Google, trátase de ver outras moitas posibilidades de obter información do noso interese na rede, tale como o emprego de buscadores específicos ou a búsqueda en tempo real. Trátase tamén de amosar como invertir a orde no proceso, é dicir, facer que a información de interese chegue a nós, tarefa onde o xoga un papel esencial RSS e as alertas
- MÓDULO IV: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (II): Publicar na Web 2.0
Trátase basicamente de coñecer distintos servizos de publicación de contidos segundo



tipo: vídeos (YouTube, Vimeo), presentacións (SlideShare), fotos (Flickr, Picasa), documentos (Issuu, Scribd), podcasts (Ivoox), pensando tamén na súa inclusión nos nosos contidos HTML (blogs, wikis, etc.). Tamén se tratará por riba a creación e mantemento dun Blog en Blogger

- **MÓDULO V: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (III): Gardar, etiquetar, clasificar**
Aprenderemos aquí como empregar de xeito eficiente os marcadores sociais, no só para gardar enlaces para nós, senón para compartilos coa nosa rede de contactos. Como exemplo veremos a ferramenta Diigo
- **MÓDULO VI: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (IV): Relacionarse e conversar**
Nesta sección reflexionaremos e amosaremos a importancia que pode ter a nosa Rede Persoal de Aprendizaxe (PLN). Veremos como establecer contactos de interese e ir estendendo e dotando de valor á nosa rede a través da conversa e a compartición, neste caso mediante Twitter.
- **MÓDULO VII: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (V): Colaborar**
O obxectivo deste módulo é o traballo colaborativo, ben sexa a través de grupos nas redes sociais, ben sexa na edición colaborativa de documentos (por ex. Google Docs) ou sitios Web (Wikis), ben mediante a compartición de arquivos na nube (p. ex. DropBox)
- **MÓDULO VIII: Redes Sociais para o aula**
Trátase de coñecer as distintas alternativas de rede social de aula segundo o nivel educativo. A elección da rede social tamén pode depender da funcionalidade cara á docencia que desexamos ter e consideramos imprescindible. Tamén veremos como empegar un grupo dunha rede social como aula virtual.
- **MÓDULO IX: Identidade dixital e seguridade na rede**
Neste módulo tentaremos amosar a importancia de manter e cuidar a identidade dixital, así como facilitar directrices e recomendacións en relación á seguridade na rede, esencialmente para transmitirlo aos nodos alumnos no aula.

Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

COMPETENCIAS	MÓDULOS
A	I, II e VIII
B	III
C	Todos
D	III a VII
E	IX
F	II e VIII
G	IX

Metodoloxía

Todos os módulos serán traballados seguindo unha liña metodolóxica moi similar. Adicaremos un pequeno tempo a esbozar os contidos teóricos máis relevantes, pero sempre sen entrar nos detalles. Ademais, naqueles temas nos que hai moita e excelente documentación na rede, unha das tarefas será a búsqueda e elección deste material entre todos, en lugar de ser proporcionado directamente.

Non se debe perder de vista que o obxectivo fundamental deste curso non en ningún caso facerse experto en varias ferramentas, senón en ver e analizar a interrelación de todas elas e o seu enorme potencial no seo dunha metodoloxía de aprendizaxe que hoxe en día resulta esencial. O afundamento en cada unha das distintas ferramentas e servizos debería ser obxecto doutros cursos ou, incluso, mediante autoaprendizaxe, estudando un pouco e, sobre todo, usándoas.

Cada módulo leva aparelado tamén algunha tarefa ou actividade, nalgúns casos de tipo individual e noutros necesariamente colaborativa. Ademais, a maiores dos foros propostos para algunha actividade, haberá tamén un foro habilitado en cada módulo onde os alumnos poden plantexar dúbidas e problemas e tamén axudar a responder as dos demais.

En calquera caso, e dado que se trata dun curso centrado na aprendizaxe social e colaborativa, tentaremos que a conversa e relación se produza precisamente nas redes sociais.

Seguimento e desenvolvemento do curso.

O seguimento de curso estará centralizado na plataforma PLATEGA, aínda que se empregará tamén a rede social Redeiras, así como outros mecanismos de comunicación na Web social.

En períodos consecutivos (nalgúns casos poderán solaparse) irase traballando cun módulo, que levará aparelado tipicamente o desenvolvemento dalgunhas tarefas ou actividades que deberán ser entregadas antes do ao final do período.



TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Módulo Inicial (0.5 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Actividade Foro 1: Presentación do curso e dos membros	13/02/12 ata 22/02/12

Módulo 1 (1.5 horas)

Nº	Actividade	Datas
2	Recursos: Plataformas de apoio á docencia	13/02/12 ata 22/02/12
3	Actividade Foro 2: Debate e exposición de casos	13/02/12 ata 22/02/12

Módulo 2 (2 horas)

Nº	Actividade	Datas
4	Recursos: Redes sociais e docencia: Aprendizaxe informal en rede	23/2/2012 ata 29/2/2012
5	Actividade Foro 3: Debate e proposta de ideas	23/2/2012 ata 29/2/2012
6	Tarefa 1: Crea unha conta en Gmail	23/2/2012 ata 29/2/2012

Módulo 3 (4 horas)

Nº	Actividade	Datas
7	Recursos: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (I): Buscar, ler e escoitar	01/03/12 ata 11/3/2012
8	Tarefa 2: Búsqueda de Blogs e subscrición a Google Reader	01/03/12 ata 11/3/2012
9	Tarefa 3: Alertas Google	01/03/12 ata 11/3/2012

Módulo 4 (4 horas)

Nº	Actividade	Datas
10	Recursos: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (II): Publicar na Web 2.0	12/3/2012 ata 20/3/2012
11	Tarefa 4: Búsqueda de manuais sobre diversas ferramentas e servizos 2.0 de publicación de contidos	12/3/2012 ata 20/3/2012
12	Tarefa 5: Crear un blog e publicar o primeiro artigo (obrigatorio incrustar código HTML e imaxes)	12/3/2012 ata 29/3/2012

Módulo 5 (4 horas)

Nº	Actividade	Datas
13	Recursos: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (III): Gardar, etiquetar, clasificar	21/3/2012 ata 29/3/2012
14	Tarefa 6: Crear unha lista pública en Diigo co material de Google Reader e as alertas Google	21/3/2012 ata 29/3/2012



Módulo 6 (4 horas)		
Nº	Actividade	Datas
15	Recursos: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (IV): Relacionarse e conversar	30/3/2012 ata 15/4/2012
16	Tarefa 7: Uso de Twitter	30/3/2012 ata 15/4/2012
Módulo 7 (6 horas)		
Nº	Actividade	Datas
17	Recursos: Metodoloxía básica da Aprendizaxe en rede (V): Colaborar	9/4/2012 ata 22/4/2012
18	Tarefa 8: Uso de grupos en Diigo e en Redeiras	9/4/2012 ata 22/4/2012
19	Tarefa 9: Google Docs e Wikis	9/4/2012 ata 22/4/2012
20	Tarefa 10: Compartir en Dropbox	9/4/2012 ata 22/4/2012
Módulo 8 (2 horas)		
Nº	Actividade	Datas
21	Recursos: Redes Sociais para o aula	23/4/2012 ata 1/5/2012
22	Actividade Foro 4: Debate e Estudo de casos personalizados	23/4/2012 ata 1/5/2012
Módulo 9 (2 horas)		
Nº	Actividade	Datas
23	Recursos: Identidade dixital e seguridade na rede	2/5/2012 ata 10/5/2012
24	Tarefa 11: Crear un documento colaborativo en Google Docs sobre un dos riscos de Internet escollidos	2/5/2012 ata 10/5/2012

Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.



Foro de presentación de participantes

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co seu titor:

- ➔ A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou *posts*.
- ➔ A través do sistema de mensaxería interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre vostede e o seu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro

participante.

Avaliación

As actividades de tipo Foro, que son 4, son obrigatorias e só se esixe a participación segundo uns criterios básicos de conducta e calidade para obter unha calificación de “Satisfactorio”, que se corresponde cun valor numérico de 1, sendo 0 a correspondente á non participación ou a participación claramente insatisfactoria.

As actividades de tipo Tarefa, que son 11, son cualificables, empregándose tamén as cualificacións “Non satisfactorio” e “Satisfactorio”, que se corresponden igualmente cos valores numéricos 0 e 1.

Para superar o curso é necesario obter unha puntuación igual ou superior a 12 puntos na suma de todas as actividades, é dicir, deben superarse o 80% (12 de 15) das actividades propostas.

Só por motivos suficientemente xustificadas se permite a entrega de tarefas fóra de prazo.

Co gallo de poder acadar o número mínimo de puntos para superar o curso, poderán ser repetidas ata 3 tarefas con avaliación non favorable.

Aplicación práctica nas aulas

Este curso céntrase na aprendizaxe en rede, social, informal e no emprego das redes sociais na educación. Os obxectivos do curso son que o profesorado sexa competente neste tipo de aprendizaxe e tecnoloxías por dous motivos, ambos igual de importantes. O primeiro é que o profesor obteña un importante proveito de cara á súa formación continua, pero non menos importante é que o profesor transmita ese coñecemento para que os alumnado logre desenvolver de xeito pleno as competencias básicas de “aprender a aprender” e a “competencia no tratamento da información e a competencia dixital”, e así poder mellorar a súa aprendizaxe naqueles ámbitos onde a aprendizaxe informal resulta de gran valor.

Requirimentos para seguir o curso

Todos os programas, ferramentas e servizos empregados son accesibles en Internet de xeito gratuito, polo que basta un ordenador persoal normal de calquera tipo (Windows, Mac, Linux, PC, netbook, portátil, etc.) cunha conexión a Internet, preferiblemente de banda ancha (ADSL, 3G, cable)